

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 12 de setembro de dous mil vinte e tres ; as nove horas e dez minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 5 de setembro de 2023.

RECTIFICACIÓN DE ERRO

Ao abeiro do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas rectifícase erro de transcripción no acordo da Xunta de Goberno local de data 11 de xullo de 2023 : **APROBACIÓN PROVISIONAL DE PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE ADEGA E ACTIVIDADES DE ENOTURISMO EN SANTO ANDRÉ DE CAMPO REDONDO, RIBADAVIA**” **PROMOTOR BODEGAS CASAL DE ARMAN SL.**

No punto PRIMEIRO figura por erro de transcripción:

PRIMEIRO.-Aprobar provisionalmente o “ Plan Especial de protección y de infraestructuras y dotaciones para la implantación de bodega y actividades de enoturismo. Lugar de Campo Redondo , Santo Andrés Ribadavia” , de data xullo de 2022, redactado polo arquitecto don Juan Carlos Cabanelas Rodríguez e o xurídico don Francisco Javier García Martínez, documento con rexistro de

entrada no concello de data 6/7/2022 , número de rexistro de entrada 2022—E-RE- 407.

Debendo indicar:

PRIMEIRO.-Aprobar provisionalmente o “ Plan Especial de protección y de infraestructuras y dotaciones para la implantación de bodega y actividades de enoturismo. Lugar de Campo Redondo , Santo Andrés Ribadavia” , de data febreiro de 2023, redactado polo arquitecto don Juan Carlos Cabanelas Rodríguez e o xurídico don Francisco Javier García Martínez, documento con rexistro de entrada no concello de data 6/7/2023 , número de rexistro de entrada 2023—E-RE- 407.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-

Escrito de dona LETICIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, en nome e representación como secretaria, da ASOCIACIÓN COMADRES DO RIBEIRO,

EXPON

Co ánimo de facer unha actividade para recaudar fondos para a organización e realización do día de Comadres para o vindeiro Entroido ribadaviense do ano 2024, estamos a organizar unha andaina polo Concello de Ribadavia, na paraxe de Santa Marta entre San Paio e Santa Cristina.

A data da realización da actividade será o próximo domingo día 8 de outubro de

2023.

Notificamos mediante a presente a necesidade que temos de colaboración por parte do Concello de Ribadavia para levar a bo término a realización desta actividade así como por no seu coñecemento dita realización para a obtención de permisos e todos aqueles trámites que for precisos.

Plantexamos a andaina como un percorrido circular con saída e chegada á Escola de San Paio, onde faremos a repartición de dorsals ás 10h e ofreceremos os participantes un pinchos ó remate. A dificultade estipúlase como media e terá unha duración aproximada de 3 horas. No ANEXO I especificase dito percorrido e sinalanse con dous puntos de cor azul tramos de cruce de estradas de vehículos con paso de peóns e en amarelo un punto de cruce de estrada con tráfico sen paso de peóns.

polo tanto, SOLICITA

-Se limpe de maleza, dentro de posible, a ruta establecida con especial atención a un carreiro que une Santa Cristina coa estrada OU-403, á altura do Banco Peregrino do Camiño Miñoto.

-Se facilite a axuda de Protección Civil ou calquera outro organismo que estimen oportuno para vixiar o cruce dos participantes na OU-403 nese mesmo punto.

-Se faciliten as chaves do local de San Paio para a organización e almacenamento da comida para os pinchos que se ofrecerán ó remate da actividade.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACIÓN DE FACTURA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura presentada por Patricia Fernández García (Comuniarte), relativa a organización de showcooking na feira do viño do Ribeiro 2023, por importe de 12.217,11 euros.

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Servizos con Don Jorge Bertolo Lamas, para a realización do servizo de asesoramento

arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2023-24”.

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

A xunta de goberno adxudica a GTM Tributos o contrato de asistencia para a revisión e compensación das cuotas bonificadas a compensar , relacionadas á concesión de beneficios fiscais en tributos locais e os supostos en que procede a compensación pola correspondente perda de recaudación con cantidades en relación a cooperativas e SAT, consonte ao establecido na Lei 2071990 e Real Decreto Lexislativo 2/2004 que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, polo prazo de seis meses .

PETICIÓN DE SUBVENCIÓN

Vista a ORDE do 1 de agosto de 2023 pola que se regulan as bases que rexeran a concesión das subvencións as entidades de acción voluntaria entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, así como proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural con base no proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unide Europea-NextGenerationEU e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS3204)

O concello de Ribadavia acorda acollerse á ORDE do 1 de agosto de 2023 pola que se regulan as bases que rexeran a concesión das subvencións as entidades de acción voluntaria entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, así como proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural con base no proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unide Europea-NextGenerationEU e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS3204 , aceptar as condicións establecidas en dita orde e solicitar subvención para o proxecto:

SOS RIBADAVIA, proxecto de voluntariado xuvenil en actividades socioculturais, ambientais e a posta en valor do medio rural.

BASES DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR PARA EDUCACIÓN INFANTIL

DO CONCELLO DE RIBADAVIA (CURSO 2023/2024)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadavia, por unanimidade, presta aprobación as Bases das axudas de material escolar para Educación Infantil, para o curso escolar 2023/2024:

A. Beneficiarios.

Alumnado empadroado no Concello de Ribadavia e matriculado en Educación Infantil dentro dos Centros Educativos deste Concello, para o curso escolar 2023/24.

B. Baremo e cuantías.

Este baremo e cuantías está baseado nas necesidades de axudas de material escolar e material didáctico solicitado polos/as profesores/as de Educación Infantil para o curso 2023/24, quedando da seguinte forma:

Opción 1 (3 anos):

A cuantía será de 30€.

A cuantía será de 60€ ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

Opción 2 (4 anos):

A cuantía será de 45€.

A cuantía será de 90€ ás unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

Opción 3 (5 anos):

A cuantía será de 45€.

A cuantía será de 90€ (unidades familiares con ingresos inferiores ó 3 do IPREM 1.800€/mes)

Se o longo deste curso escolar 2023/24, se incorporan alumnos/nas de educación infantil nos centros escolares de Ribadavia, poderán ter dereito a unha das anteriores opcións, sempre que cumpran os correspondentes requisitos.

C. Requisitos.

- Estar empadroadado/a (proxenitores/as e neno/a) no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención e manterse como mínimo empadroadados/as ata o 31 de decembro deste ano 2023.
- Estar matriculado en Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.
- No caso de familias con ingresos da unidade familiar que non superen ó 3 do IPREM (1.800€ mensuais), xustificante de ingresos.
- De ser o caso, aportación de factura de compra do material con firma e selo de pagado.

D. Documentación a presentar.

- Solicitud
- Fotocopia do libro de familia
- DNI dos proxenitores ou titores legais.
- Nº de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida.

Os beneficiarios desta axuda no ano 2021 e 2022, estarán exentos de presentar a documentación anterior (excepto a solicitud que sí deberá presentarse).

No caso de unidades familiares con ingresos inferiores a ó 3 do IPREM (1.800€ mensuais):

- Fotocopia da declaración da renda referida ó exercicio 2022. En caso de non estar obrigados a presentala, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- Xustificación de ingresos: nóminas, certificados de prestacións, pensións ou outros ingresos que perciban doutros organismos ou entidades.
- Factura dun establecemento con sede en Ribadavia, con firma e selo de pagado, que xustifique a compra do material.
- Calquera outra documentación xustificativa valorada polo Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

E.- Contía das Axudas.

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda. As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta as presentes bases.

F.- O prazo.

O prazo de presentación das solicitudes será do 15 ó 29 setembro de 2023

G.- Lugar de presentación.

A presentación de solicitudes poderan facerse:

Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na web e nas redes sociais.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as nove horas e vinte minutos o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE